



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

### LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge  
Carballo González, Ángeles  
Fernández Fernández, Federico  
Fernández Iglesias, Manuel José  
Ríos Santomé, M<sup>ra</sup>. José  
Valderrama Santomé, Mónica  
Valeije Álvarez, Inmaculada

### DESCULPA ASISTENCIA

Diz Ferreiro, Paula

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, do día 2 de maio de dous mil doce, convocada para as 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda nas salas de videoconferencia dos tres campus.

O día **2 de maio 2012**, ás 12:00 horas, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias dos días 13 e 20 de abril de 2012.
2. Resolución das reclamacións á proclamación provisional de candidatos electos ás eleccións a representantes de estudantes ao Claustro e de representantes de estudantes aos consellos de departamentos.
3. Proclamación definitiva de candidatos electos ás eleccións a representantes de estudantes ao Claustro e de representantes de estudantes aos consellos de departamentos.
4. Resolución do empate nas votacións para a pertenza a comisións delegadas da Xunta de Centro da Escola Superior de Enxeñaría Informática no sector de estudantes.
5. Rolda libre de intervencións.
6. Aprobación, se procede, da acta do día 2 de maio de 2012.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinarias dos días 13 e 20 de abril de 2012.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 2.** Resolución das reclamacións á proclamación provisional de candidatos electos ás eleccións a representantes de estudantes ao Claustro e de representantes de estudantes aos consellos de departamentos.

O presidente expón, que non se presentou ningunha reclamación á proclamación provisional de candidatas e candidatos electos ás eleccións a representantes de estudantes ao Claustro Universitario e aos consellos de departamentos.

**Punto 3.** Proclamación definitiva de candidatos electos ás eleccións a representantes de estudantes ao Claustro e de representantes de estudantes aos consellos de departamentos.

Apróbase por asentimento a proclamación definitiva de candidatas e candidatos electos ás eleccións de representantes de estudantes ao Claustro e de representantes de estudantes aos consellos de departamentos.

**Punto 4.** Resolución do empate nas votacións para a pertenza a comisións delegadas da Xunta de Centro da Escola Superior de Enxeñaría Informática no sector de estudantes.

O presidente expón, que a secretaria da Escola Superior de Informática presentou un escrito ante a Comisión Electoral solicitando unha solución para resolver un empate múltiple no sector de estudantes, producido nas eleccións de membros das comisións delegadas do centro, xa que, o Regulamento de réxime interno do centro non prevé como resolver a situación. Continúa dicindo, que os estudantes propoñen chegar a un acordo entre eles, de modo que renunciásen todos menos un, sendo éste o que resultase elixido.

O presidente propón para resolver o empate o mesmo criterio que se utiliza nas demais eleccións, é dicir, que se dea preferencia, para a proclamación, á candidatura do xénero menos representado en cada comisión. Se este procedemento non resolve o empate, terá preferencia a candidatura de maior antigüidade na Universidade de Vigo. No caso de igualdade, será proclamado o de maior idade.

Acórdase que, dende a Secretaría Xeral, se faga un certificado e se remita á E.S. de Enxeñaría Informática no que consten os criterios expostos para proceder ao desempate.

Apróbase a proposta do presidente.

**Punto 5.** Rolda libre de intervencións.

Intervén o Sr. Federico Fernández para preguntar se se ten ditado dende a Secretaría Xeral unha resolución pola que se autorice ao persoal, nomeado presidente ou vogal das mesas electorais, ao disfrute dun permiso retribuído ou a unha redución da súa xornada de traballo, que, se non se fixo, se proceda ao ditado da resolución.

A secretaria xeral responde que non se fixo ningunha resolución e que descoñece cal é o procedemento, que non é competente para ditar a resolución pero que procederá a solicitar toda a información necesaria.


O Sr. Federico Fernández solicita que a Secretaría Xeral propoña ao órgano competente que faga unha resolución con carácter retroactivo.

**Punto 6.** Aprobación, se procede, da acta do día 2 de maio de 2012.

A secretaria xeral le a acta e apróbase por asentimento de todos os presentes.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:15 horas do día 2 de maio de 2012 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral



Manuel Fernández Iglesias

A secretaria da Comisión Electoral



M<sup>ca</sup> Inmaculada Valeije Álvarez